



O **Grupo Municipal do Partido Popular de Carballo**, ao amparo do disposto no artigo 97.7 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais presenta ante o Pleno da Corporación Municipal, a celebrar en data 30 de outubro de 2017, a seguinte

### **MOCION DE APOIO E RESPALDO ÁS FORZAS E CORPOS DE SEGURIDADE DO ESTADO, COMO GARANTES DO ESTADO DE DEREITO.**

Dende o pasado día 20 de setembro, data na que se ordenou polo Xulgado de Instrución número 13 de Barcelona a práctica de dilixencias de entrada e rexistro en distintas consellerías e organismos técnicos da Generalitat de Cataluña, e ata o pasado día 1 de outubro, no que se tratou de celebrar un referendo ilegal, prohibido polo Tribunal Constitucional, as Forzas e Corpos de Seguridade do Estado teñen sido obxecto dun constante acoso, tentando impedir a estas persoas o lexítimo exercicio das súas funcións.

Todos nos e toda a sociedade fomos testemuñas, a través dos medios de comunicación, do clima de hostilidade e dos múltiples ataques que sufriron os membros da Policía Nacional e a Garda Civil, por exercer as súas funcións, e defender o Estado de Dereito.

Todos temos visto como os manifestantes os insultaban, os agredían, esnaquizaban os seus vehículos, rodeábanos durante horas para impedir a súa saída dunha consellería, se informaba dende medios de comunicación da propia Generalitat dos seus movementos coa finalidade de delatalos e sinalalos, se lles obrigaba a abandonar os hoteis onde residían.

Todos eses feitos motivaron que a Fiscalía da Audiencia Nacional presentara unha denuncia por sedición, ao considerar que esas accións serían constitutivas dese e outros delitos.

O Goberno de España tense visto obrigado, no contexto descrito, a adoptar medidas co obxecto de garantir o cumprimento da Lei na Comunidade Autónoma de Cataluña, en base ás instrucións da Fiscalía para impedir a celebración dun referendo ilegal, e de acordo tamén ao previsto no artigo 38.2 da Lei Orgánica de Fuerzas y Cuerpos de Seguridad, que contempla a intervención de Policía e Garda Civil no mantemento da orde pública.

A violencia que referimos, e que todos coñecemos, ten a ver cos chamados delitos de odio, e son absolutamente incompatibles con calquera sistema democrático. Ningunha actitude violenta ou coacción pode utilizarse para defender unha posición política ou ideolóxica.

Toda a cidadanía, e de xeito especial os representantes públicos, debemos estar unidos na condena, sen desculpar ou minimizar en ningún caso feitos que poidan atentar contra a liberdade e a integridade das persoas.

E deber e obriga de todos os partidos democráticos rexeitar e condenar rotundamente, e todas as veces que sexa necesario, calquera comportamento de natureza violenta amparado por calquera ideoloxía, e asemade calquera acción xustificativa dos mesmos, e amosar o seu apoio ás Forzas e Corpos de Seguridade do Estado no seu labor de defensa e protección dos dereitos e liberdades da cidadanía.

É inxusto e intolerable que se trate a estas persoas, moitos delas galegos e galegas e algunhas pertencentes ao Cuartel de Carballo, como inimigos, cando os gardas civís e os Policías Nacionais son servidores públicos que compren coa responsabilidade de garantir a liberdade de todos e todas, e o libre exercicio dos nosos dereitos.

Os homes e mulleres que integran estes Corpos están comprometidos coa seguridade de España e dos españois, e adican as súas vidas a salvagardar a convivencia, a seguridade e a tranquilidade dos seus concidadáns, no noso caso temos o exemplo dos Gardas Civís do posto de Carballo, merecendo por elo o cariño, a admiración e o respecto do conxunto da sociedade española, como teñen o respecto da sociedade carballesa.

Grazas ao seu servizo diario, España é na actualidade un dos países mais seguros do mundo, e por iso a cidadanía coloca á

Policía e á Garda Civil como as dúas institucións públicas que mais confianza xeran, segundo figura no barómetro do CIS do ano 15.

Por todo elo, presentamos a seguinte moción.

O Concello de Carballo manifesta:

1.- O seu apoio e respaldo incondicional á Policía Nacional e á Garda Civil no seu labor de defensa e protección dos dereitos e liberdades de toda a cidadanía, e, de xeito especial e dende a legalidade constitucional, da soberanía nacional, do Estado de Dereito, da democracia e da convivencia entre os españois.

2.- A súa condena ao acoso sistemático que están a sufrir os seus membros mediante actos violentos, independentemente da ideoloxía na que se amporen, así como calquera tipo de acción ou declaración que xustifique, ampare ou minimize ditos actos, rexeitando toda conduta antidemocrática que atente contra a convivencia en paz e liberdade e que trate de socavar os fundamentos da nosa democracia.

O Concello de Carballo insta ao conxunto das institucións españolas a:

3.- Utilizar con determinación e firmeza, dende a proporcionalidade e a oportunidade, todos os mecanismos que, en defensa da soberanía do pobo español e do interese xeral de España, lle atribúen a Constitución e as Leis.

4.- Actuar, coas ferramentas do Estado de Dereito, contra as iniciativas que pretendan, dende a ilegalidade e contra a vontade democrática do conxunto do pobo español, conculcar o noso marco constitucional e a unidade de España.

Para o seu coñecemento, acórdase trasladar esta petición ao Presidente e á Vicepresidenta do Goberno de España, aos Ministros de Justicia e Interior do Goberno de España, aos Voceiros dos Grupos Parlamentarios do Congreso e Senado, e á Xunta de Goberno da FEMP.

Carballo, a 19 de outubro de 2017

Asdo.) Aurelio Núñez Centeno

Voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular.